María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 17:46:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 17:46:51

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 17:46:53

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 17:46:54

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 17:47:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24934
Data envío: 01/02/2018 18:08:54.151

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa “Maderas Iglesias S.A.” que conta con centros de produción no Porriño e Mos. Foi unha das maiores produtoras de tarima flotante do mercado internacional e chegou a contar cun cadro de persoal na comarca de mais de 800 traballadoras/es, sendo a porcentaxe do cadro de persoal do 80% de mulleres. Aínda que na actualidade o seu cadro de persoal vise reducido a 253 traballadoras/es, segue sendo unha das principais empresas da área de Vigo.

Nos últimos anos o persoal da compañía tivo que soportar ata dous procesos concursais, (o primeiro resolto na fase de Precurso e o segundo resolto con acordo en setembro de 2013). Tamén tiveron que pasar por sete EREs (Expedientes de Regulación de Emprego) suspensivos, dos cales soamente en catro houbo acordo entre traballadores/as e a empresa. A suma dos procesos provoca que, nalgúns casos, certas traballadoras/es xa teñan chegado a máis de 400 días de consumo da súa prestación por desemprego, o que lles repercutirá negativamente se a empresa non sae adiante e son despedidos. E aínda que o comité intercentros sempre pelexou para que o ERE fose o máis equitativo posíbel e se cumprise coa Lei, os xerentes fixeron oídos xordos aos seus



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24934
Data envío: 01/02/2018 18:08:54.151

consellos, derivando nunha diferenza abismal na súa aplicación: mentres que hai empregadas e empregados que perden 400 días de traballo, outras persoas non chegan a perder ningún.

Houbo reclamacións ante as autoridades denunciando que non se respectan as condición dos EREs nin o seu calendario pactado, por non ser recoñecidas as vacacións e todos os días festivos; non se recoñecen os meses de 31 días como recoñece a Lei e non se pagan os días efectivos de traballo, mesmo chegando a non recoñecerlle as horas sindicais algúns membros do comité, etc.

Con respecto ao salario, en oito anos a subida salarial total foi do 0,75%. Actualmente aínda se debe parte da paga de nadal de 2016, a de marzo e a de Xullo do 2017, así como as irregularidades no pagamento das nóminas, que un mes tras outro se ingresan con retraso. Sempre se abonan os salarios a partir do día 15, chegando en algún caso a pagar as nóminas o día 28. Para os que están de baixa e un verdadeiro suplicio, porque sempre o retraso é aínda moito maior. Tendo que escoitar despropósitos do xerente como, “que pagaría cando el o estimase oportuno”. Esta situación de vulneración dos dereitos dos traballadores/as non é nova, pois xa que nos meses de xuño e xullo do 2015, o persoal xa fixo unha folga de varios días alternos para reclamar a débeda dos seus salarios.

Ao longo deste tempo as traballadoras e traballadores puxeron da súa parte todo o que puideron para a continuidade da empresa, pero a situación neste momento é insostíbel e pon en grave risco a continuidade da empresa e do emprego. Na última rolda de negociacións, que comezaron o pasado 12 de decembro, o empresario propuxo o despedimento de 140 traballadoras/es, coa ameaza de peche da empresa se non se acepta esta proposta. Unha chantaxe en toda regra, que forma parte do modus operandi do dono da empresa.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24934
Data envío: 01/02/2018 18:08:54.151

O pasado 28 de decembro unha representación do comité de empresa, das alcaldías da comarca e das organizacións sindicais reuniuse no parlamento galego con representantes de todos os grupos. E posteriormente integrantes do comité mantiveron un encontro co IGAPE. Nesta xuntanzas púxose de manifesto o apoio dos grupos parlamentares e a necesidade de que a consellaría de Industria interveña diante da propiedade da empresa para procurar a viabilidade do emprego e da empresa.

Por outra parte, o pasado 8 de xaneiro o conselleiro de Industria recibiu unha representación do comité de empresa e comprometeuse a facer xestións ante todas as partes para procurar a viabilidade da empresa. Posteriormente, nuna resposta oral en Pleno, o conselleiro afirmou que a Xunta elvaba facendo o seguimento da evolución de Maderas Iglesias desde 2009.

Cómpre ter en conta que existe un mandato parlamentario, mediante acordo unánime do pleno que tivo lugar o pasado 17 de outubro de 2017, que insta ao goberno galego a “facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias SA coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Empregar de maneira urxente todos os mecanismos ao seu alcance para garantir a continuidade da empresa Maderas Iglesias, co obxecto de evitar a perda dos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24934
Data envío: 01/02/2018 18:08:54.151

postos de traballo e graves consecuencias socioeconómicas en numerosos concellos do sur da provincia de Pontevedra.

2. Promover un acordo coas entidades acreedoras para o aprazamento e/ou reestruturación da débeda, así como procurar unha fórmula de investimento industrial coas debidas garantías de viabilidade, respecto aos dereitos laborais e salariais, e reformulación do modelo empresarial.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 18:06:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24934
Data envío: 01/02/2018 18:08:54.151

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 18:06:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 18:06:47

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 18:06:49

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 18:06:50

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 18:06:59



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24942
Data envío: 01/02/2018 18:26:13.421

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación das listas de espera e derivación de doentes no Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP no Goberno da Xunta está a practicar unha política de recortes e demolición da sanidade pública. A través do seu deterioro, a base de ter abandonadas ás infraestruturas, falta de recursos humanos e materiais... e así ter a desculpa para privatizar os servizos e derivar doentes á sanidade privada.

E para iso aprobaron a Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias no ano 2013 e agora o decreto que a desenvolve. Cuns tempos de espera incumpríbeis, para precisamente dar cobertura legal ao auténtico obxectivo da mesma: derivar o máximo volume de recursos públicos para o financiamento da sanidade privada, para facilitarlle o máximo negocio.

A derivación de doentes da sanidade pública de Galiza a centros privados, ven sendo unha constante, mais esta práctica non fai máis que aumentar.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24942
Data envío: 01/02/2018 18:26:13.421

Establecer uns tempos de espera de 60 días para operacións cirúrxicas e 45 para consultas e probas diagnósticas, tempos que son imposíbeis de cumprir na actual situación na que ten o Partido Popular á sanidade pública.

Está claro que as derivación á privada non son para eliminar as lista de espera, xa que estas non diminúen, senón que as listas de espera son a coartada para derivar á privada.

A preocupación está sendo moi elevada entre @s doentes, que ven como son eliminad@s das mesmas se non aceptan ser derivad@s e esixen sen atendidos na rede pública, e entre profesionais que observan cada día como se deixan de realizar intervencións de moitas especialidades na sanidade pública que se derivan sistematicamente á privada.

Todo isto rodeado de escurantismo e opacidade arredor dos datos tanto das listas de espera como das derivacións.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Facer públicas de inmediato a totalidade das listas de espera do Sergas, tanto estruturais como non estruturais.

-Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24942
Data envío: 01/02/2018 18:26:13.421

-Rematar de inmediato coa práctica de sacar da lista de espera estrutural aos doentes que rexeiten ser derivados a centros privados ou a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia para ser atendidos das súas patoloxías, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.

-Restituír ás listas de espera estruturais a tod@s @s doentes eliminad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.

-Presentar no Parlamento galego, no prazo máximo de dous meses, un informe coas derivacións realizadas polo Sergas á centros privados nos últimos cinco anos, desglosadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas.

-Poñer en marcha un plan de choque, cos orzamentos precisos, para eliminar as listas de espera na rede pública.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24942
Data envío: 01/02/2018 18:26:13.421

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 18:25:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 18:25:38

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 18:25:40

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 18:25:41

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 18:25:43

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 18:25:48

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A estrada AC 546 é a principal vía de comunicación entre Santiago e a Costa da Morte, prestando un servizo moi útil a máis de un millón e medio de vehículos por ano.

Non obstante, tamén inclúe algún dos tramos máis perigosos da rede circulatoria, de acordo coa DGT. Nos últimos anos producíronse varios accidentes graves, con atropelos de veciños, nalgún caso con consecuencia de morte.

O cruce desta estrada de tráfico intenso é así un problema serio de seguridade viaria para unha poboación de alta idade media, como é a dos veciños e veciñas das parroquias de Barcala, Ordoeste e Corneira, no Concello de A Baña.

Os habitantes destas parroquias teñen manifestado coa súa sinatura a demanda dunha regulación semaforica, acompañada de paso de peóns, desta estrada de titularidade autonómica no concello de A Baña, para protexerse durante a realización das actividades diarias que os obrighen a cruzar a vía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate nesta Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instalar ao longo do ano 2018 pasos de peóns e regulación semaforica no paso da estrada AC 546 polo Concello de A Baña, nas parroquias de A Barcala, Corneira e Ordoeste.

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/01/2018 13:21:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/01/2018 13:21:59

María Luisa Pierres López na data 26/01/2018 13:22:11

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2018 13:21:48

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Álvarez, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Os socialistas sempre consideramos que a AP-9 é unha infraestrutura vital e estratéxica que ten que manter o seu papel dinamizador, e polo tanto debe adaptarse ás novas circunstancias, xa que constitúe o principal eixo de comunicación de Galicia e ten un papel fundamental para a economía e a cidadanía galega.

A AP-9 naceu como unha oportunidade de crecemento, pero perdeu atractivo e coa ampliación da concesión por parte do Goberno Aznar e unha política de peaxes perversa que prima en exceso os intereses privados dunha empresa, converteuse nunha carga difícil de asumir para as familias e as empresas de Galicia, especialmente en momentos economicamente tan delicados como os actuais, cunha desigual saída da recesión.

Exemplo desta suba constante das peaxes que prima de xeito totalmente desmesurado uns intereses privados véxase este comezo do ano 2018, onde as tarifas continúan a non ter bonificacións por horarios ou épocas do ano, e o propio Ministerio reconece que é unha das autoestradas máis caras de España.

En outras autopistas existen descontos por diversas cuestións tales como polo número de viaxes en “horas val”, por tarifas nocturnas, temporada baixa, levar no vehículo tres ou máis ocupantes, por parados, discapacitados...etc. Sen embargo, estes descontos non se aplican na AP-9, aínda que é a autoestrada que xera máis beneficios á empresa concesionaria de todas as existentes en España.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A esta situación económica insostible, engádese para as persoas usuarias da área de Vigo, a situación de parálise na construción da alternativa libre de peaxe entre Vigo e Pontevedra a través das autovías A-57 e A-59, non explicada polo Ministerio de Fomento.

Ademais a existencia da Área Metropolitana de Vigo, pon de manifesto a imperiosa necesidade de dotar ao municipio de Vigo e o resto dos municipios, especialmente os situados ao norte da cidade, de melloras na súa accesibilidade e mobilidade, así como a retirada do casco urbano do tráfico pesado que discorre por rúas céntricas da cidade de Vigo, como Sanjurjo Badía.

Neste contexto xeral, claramente decepcionante, recollemos con satisfacción o anuncio por parte do Ministerio de Fomento da eliminación da peaxe na autopista do atlántico no tramo comprendido entre Vigo e Redondela, logo de anos de reclamacións realizadas polos veciños da zona, principalmente os das parroquias de Teis e Chapela.

Rematarase así cunha inxusta penalización para o concello de Redondela, que existía fronte a outras zonas da área urbana de Vigo, uníndose esta liberalización da peaxe á que no seu día se conseguiu no tramo Rande – Puxeiros e máis a realizada para os concellos do Morrazo.

Agora cabe demandar que tal supresión da peaxe se leve a efecto realmente o antes posible, sen máis dilacións, e o faga sen supoñer un novo incremento nas xa moi elevadas tarifas de peaxe da autopista AP-9.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar as actuacións necesarias para conseguir que a liberación da peaxe no tramo da AP-9 entre Vigo e Redondela non se realice con cargo a un aumento nas tarifas das peaxes para as persoas usuarias.
2. Negociar de maneira inmediata co Goberno de España e a concesionaria da autoestrada AP-9 a construción das infraestruturas necesarias para converter o tramo Bos Aires – Alfonso XIII nun tramo urbano libre de peaxe, coa posibilidade de realizar a circulación en ambos sentidos entre o centro da cidade de Vigo e o barrio de Teis.
3. Negociar coa empresa concesionaria o desenvolvemento dun plan de actuacións en diferentes ámbitos co obxecto de minorar o impacto acústico e levar a cabo as melloras necesarias no relativo aos diversos parámetros de calidade e seguridade nesta infraestrutura viaria, e singularmente nos concellos de Redondela e Vigo.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/01/2018 16:46:33

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2018 16:46:40

María Luisa Pierres López na data 26/01/2018 16:46:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/01/2018 16:46:50

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O día 17 deste mes, a Comisión Europea contestaba á pregunta dun eurodeputado socialista que “non ten coñecemento de novos estudos científicos sobre o estado dos residuos radioactivos vertidos na fosa atlántica. Tampouco foi informada polas autoridades españolas de ningún plan para levarlos a cabo e estas autoridades non expuxeron á Comisión a necesidade destes estudos. O vertido de residuos radioactivos no mar está prohibido por instrumentos internacionais dende os anos setenta e, dentro da UE, os Estados teñen a responsabilidade de controlar permanentemente o índice de radiactividade nas súas augas territoriais, a súa atmosfera e o seu chan e de garantir unha seguridade básica”.

Dende hai 35 anos, na costa atlántica española varios países europeos arroxaron bidóns de residuos radioactivos, que ninguén está a vixiar de maneira permanente. O certo é que estes bidóns están na fosa atlántica pero fóra das augas territoriais españolas, polo que non aparecen nos informes que, de forma directa, fai o Goberno español sobre a supervisión da radioactividade no territorio. Mais o certo é tamén que nada se sabe de ningunha das principais institucións internacionais que supervise estes residuos.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que pesquede cales son as institucións internacionais que deben cumprir coa obriga de controlar permanentemente o índice de radiactividade derivada dos residuos radioactivos vertidos na fosa atlántica galega e que esixa o cumprimento desta obriga.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/01/2018 18:21:05

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2018 18:21:10

María Luisa Pierres López na data 26/01/2018 18:21:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/01/2018 18:21:21

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase a financiación, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e os menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

 Grupo Parlamentario

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o cansazo acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar durante o ano 2018 os puntos de encontro familiar en Galicia en aló menos dous por provincia.
2. Reforzar con medios humanos e materiais, durante o ano 2018, todos os puntos de encontro familiar situados na comunidade autónoma galega, para que os nenos e nenas gocen durante as visitas tuteladas e supervisadas dunha contorna adecuada para relacionarse, con zonas ao aire libre e espazos de xogo.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/01/2018 18:23:35

María Luisa Pierres López na data 26/01/2018 18:23:41

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2018 18:23:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/01/2018 18:23:50



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo un situación insostible tanto para pacientes como para persoal.

O acordo acadado entre a Consellería de Sanidade e a Comisión de Centro de dotar de medios persoais para dar cobertura a 41 camas por unidade de hospitalización, excluindo aquelas con peculiaridades como psiquiatría, foi vulnerado pola Consellería ao contemplar solo fondos para dotar unidades de 36 camas, situación que vai en detrimento das condicións laborais e de calidade asistencia do Servizo que non se axusta a realidade do hospital en canto aos recursos necesarios e que agrava aínda máis a situación na que estaban, producindo una sobresaturación no hospital.

O persoal leva bastante tempo manifestándose para que a consellería solucione esta situación que desborda totalmente as e os profesionais, sen embargo a pesares da solicitude de reunión por parte da Comisión de Centros ao Conselleiro de Sanidade, este segue sen dar a cara e afrontar o problema.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Responder á solicitude de reunión por parte da Comisión de Centro e reunirse coa mesma.
- Dotar e orzamentar as 41 camas por unidade comprometidas e acordadas coa Comisión de Centro.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/01/2018 11:44:55

Luis Villares Naveira na data 29/01/2018 11:45:03

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de anunciar que o novo colexio de Rutis en Culleredo vai abrir para o vindeiro curso 2018-2019 cunha única unidade de educación Infantil para 25 alumnos de 3 anos.

Este novo centro educativo, cuxas obras se están a rematar por un importe de preto de 4 millóns de euros, conta con espazo para seis unidades de Infantil e doce de Primaria e nace coa idea de desmasificar outros centros do concello no que hai unha poboación escolar de arredor de 2.100 nenos e nenas.

Inicialmente, a Consellería non ten así previsto ofertar prazas de profesorado de Primaria para o curso 2018-2019 para este novo CEIP.

Tanto o Concello de Culleredo como as Anpa afectadas, pendentes aínda do novo mapa de escolarización municipal, amósanse totalmente contrarios a esta decisión da Consellería, polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a abrir para o vindeiro curso 2018-2019 o novo colexio de Culleredo con todas as unidades previstas de educación Infantil e Primaria.

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/01/2018 13:11:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2018 13:11:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/01/2018 13:12:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/01/2018 13:12:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A finais de 2017 o número de persoas afiliadas ao réxime especial de traballadores do mar era de 20.741 mentres que a finais de 2009 era 24.630, o que supón unha redución do 15,85 %. No caso das mulleres, este número decreceu máis, ata un 22 %, de 6.533 mulleres a 5.088 mulleres. Unha situación preocupante que pon en cuestión a continuidade de máis de 4.000 embarcacións galegas.

Son varias as causas que motivan este descenso de afiliación, entre elas o perigo da propia profesión, a falla de investimentos en seguridade, a realidade dunha compensación económica que non se corresponde co esforzo que esta profesión implica.

Entre as distintas medidas a acometer co fin de garantir este relevo do mar, atópase a necesidade de contar con profesionais cualificados e debidamente formados, e polo tanto, con partidas orzamentarias destinadas a tal fin, así como, contar coa posibilidade de bonificacións das cotizacións á seguridade social das cantidades aportadas ao sistema de formación. Así mesmo, as cantidades aportadas indebidamente ao longo dos últimos anos, deberían ser reintegradas, xa que os autónomos do mar, en ningún caso puideron facer uso do sistema formativo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Goberno central a bonificación dos custes de formación das cantidades aportadas polos traballadores autónomos do mar ao sistema de formación, e a que lle



 Grupo Parlamentario

reintegren as cantidades económicas indebidamente achegadas por estes traballadores nos últimos dez anos.

____ Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

____ **Asinado dixitalmente por:**

María Dolores Toja Suárez na data 29/01/2018 13:43:30

Julio Torrado Quintela na data 29/01/2018 13:43:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/01/2018 13:43:50



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**.

Exposición de motivos

O pasado 30 de decembro de 2017 os máximos representantes do Goberno central e da Xunta de Galicia, Mariano Rajoy e Alberto Núñez Feijóo, inauguraron a obra de ampliación da AP9 na Ponte de Rande. Un acto no que tamén participaron as máximas responsables en materia de infraestruturas das dúas administracións, Ethel Vazquez e Íñigo de la Serna, así como a presidenta da mesa do Congreso, Ana Pastor, ou o Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

Segundo o acordo do Ministerio de Fomento e Audasa, estas obras que se están a realizar, corren a cargo da concesionaria mentres que o Goberno central autoriza un incremento do prezo das peaxes durante os 20 anos seguintes ao ano de finalización da obra de ampliación.

Os viais adicionais que se acaban de abrir ó tráfico na Ponte de Rande, non cumpren coas prestacións dun carril de autoestrada e están separados do corpo da Ponte, sendo uns viais illados que non poden ser considerados como unha ampliación; non poden ser considerados como parte da autoestrada porque non poden ser utilizados polos usuarios que circulan entre Pontevedra e Vigo, en ambos sentidos, o que os converten en carrís de entrada e saída da autoestrada, non nunha ampliación da mesma, ademais de que non reúnen as condicións de



seguridade, nin de experiencia na condución que xustificaría que se chamase autoestrada. Neses dous novos carrís non se pode circular como se fosen parte dunha autoestrada; non se pode adiantar, non ten comodidade de uso, nin ofrece unha circulación segura, tal e como están asegurando nestes primeiros días os usuarios e representantes municipais.

A obra de ampliación da AP9 é a razón pola que Fomento xustifica a suba do 2% das peaxes durante os 20 anos seguintes á data de finalización de dita obra.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado a non aplicar a suba das peaxes por ampliación da autoestrada, xa que os novos e caros carrís de Rande non ofrecen o servizo de autoestrada.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 13:49:52

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 13:49:59



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**

Exposición de motivos

O pasado 30 de decembro de 2017 os máximos representantes do Goberno central e da Xunta de Galicia, Mariano Rajoy e Alberto Núñez Feijóo, inauguraron a obra de ampliación da AP9 na Ponte de Rande. Un acto no que tamén participaron as máximas responsables en materia de infraestruturas das dúas administracións, Ethel Vazquez e Íñigo de la Serna, así como a presidenta da mesa do Congreso Ana Pastor ou o Vicepresidente da Xunta de Galicia Alfonso Rueda.

Segundo o acordo do Ministerio de Fomento e Audasa, estas obras que se están a realizar, corren a cargo da concesionaria mentres que o Goberno Central autoriza un incremento do prezo das peaxes durante os 20 anos seguintes ao ano de finalización da obra de ampliación. Dito acto de inauguración pretendeu visibilizar que dita obra estaba rematada cando a realidade é que a obra, a principios de 2018, segue sen rematar; sinais de obra, desvíos de obra, operarios de obra, zoas de obra restrinxidas á cidadanía, enlaces pendentes de rematar, bandas sonoras sen instalar, Obras en Chapela pendentes, asfaltado, entre outras, dan conta desta obviedade, a obra non estaba rematada o 30 de Decembro.

A obra de ampliación da AP9 é a razón pola que Fomento xustifica a suba do 2% das peaxes durante os 20 anos seguintes á data de finalización de dita obra.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a non aplicar a suba das tarifas das peaxes previstas para este ano pola chamada obra de ampliación ao non terse rematado dita obra no pasado ano 2017.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 14:27:19

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 14:27:27

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

Exposición de motivos

O Ministerio de Fomento vén de anunciar que o tramo entre Redondela e Rande será gratis para os usuarios e usuarias. A eliminación desa peaxe é unha xusta reivindicación de usuarios, institucións locais e empresarios moi prexudicados por esta peaxe.

Esta decisión foi tomada na “Comisión de Seguimiento de la AP-9” da que tamén participa a Xunta de Galicia. Nesa comisión decidiuse que a xusta eliminación desta peaxe sexa asumida pola cidadanía galega, que pagará no resto das peaxes o que deixará de ingresar Audasa por esta supresión.

Audasa conta coa maior marxe de beneficio sobre facturación das autoestradas do Estado. O 50% da facturación de Audasa é beneficio, cando a media das empresas do Estado se sitúa no 7%. Un balance propio dun monopolio que só se pode explicar dende a convivencia político-empresarial de quen participa do neoliberalismo de amiguetes que utilizan as institucións para o seu beneficio privado.

Nos últimos 20 anos, dende 1997 e 2016, Audasa ten recadado 2.344 millóns de euros en peaxes, unha cifra moi elevada pero que se queda pequena cando se



analiza a marxe de beneficios. Dende o 2016 Audasa acumula 1.900 millóns de euros antes de amortizacións, intereses e impostos, o resultado bruto de explotación de Audasa equivale ó 81% da facturación. Un de cada dous euros que as galegas e os galegos pagamos nas peaxes da AP9 é beneficio antes de impostos e, un de cada tres euros, é beneficio neto para a empresa concesionaria.

Entre o 2011 e o 2015 o beneficio neto, despois de impostos, de Audasa, pola xestión da AP9, foi de 186 millóns de euros, que dedicaron integramente a retribuír aos seus accionistas; nada para melloras no servizo, nada para baixar a altísima sinistralidade na provincia de Pontevedra, nada para manter os postos de traballo. No 2016 AUDASA repartiu 45 millóns de euros de dividendos, practicamente 1 de cada 3 euros do que recada por peaxes.

Incluso coa lixeirísima rebaixa decretada para 2017, no primeiro trimestre, a cifra de negocio medrou un 3,5%, o resultado de explotación un 8% e o beneficio líquido nun 11,9%. Un negocio redondo á conta de galegos e galegas, e que se incrementará coa suba das peaxes anunciada para o próximo ano.

Por todo o exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado a que negocie coa concesionaria Audasa para que esta asuma os custes da eliminación da peaxe entre Redondela e Vigo da súa ampla conta de beneficios.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 14:22:16

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 14:22:24

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

As políticas de Feijóo condenan a Galicia a ser un territorio subalterno con respecto á capital. Vímolos cando o Presidente “negociou” o traspaso da AP-9 – dito sexa entre comiñas de advertencia– e estámolo vendo agora co Corredor Atlántico.

Na actualidade, o Corredor Atlántico é unha das principais redes de mercadorías da Unión Europea. O seu trazado comeza en Sines (Portugal) e chega ata Francia, a nosa porta de entrada ao resto do continente. Formar parte dela permitiríalle a Galicia renovar a súa obsoleta liña ferroviaria, cuxa ineficacia só permite transportar o 1% do total de mercadorías que pasan pola nosa terra.

Fai pouco máis dun mes, Íñigo de la Serna, Ministro de Fomento de Mariano Rajoy, asegurou aos gobernos de Galicia, Asturias e Castela e León que o próximo ano negociaríase a inclusión do noroeste español no Corredor, co obxecto de dispoñer dunha liña ferroviaria de mercadorías moderna e ben conectada co resto de Europa. "En 2018", dicía, “se iniciarán las tareas que conducirán a la aprobación de un nuevo reglamento en 2020, con los nuevos itinerarios de los corredores europeos”. Non obstante, a promesa, como tantas do Partido Popular, resultou ser fraudulenta. O 15 de novembro do presente ano, o Ministerio de Fomento comunicou que Galicia non podería negociar a súa incorporación ao Corredor ata o ano 2023 e que, en calquera caso, non se tomaría ningunha decisión definitiva ata o ano 2027. Deste xeito, a nosa comunidade non



só é marxinada comercialmente, senón que ademais resulta excluída da posibilidade de optar aos fondos Conectar Europa (CEF) para proxectos prioritarios.

Ao mesmo tempo, os territorios que defenden os seus intereses melloran as súas condicións materiais e a súa competitividade. É o caso do País Vasco. Mentres nós seguimos desconectados e a velas vir, o País Vasco vai sumar unha nova saída ferroviaria para o porto de Bilbao que enlazará co Corredor Atlántico. A inversión prevista, nada desprezable, ascende aos 381 millóns de euros. Consegui-lo apoio do Estado e de Europa é, polo tanto, posible.

O pasado 17 de xaneiro vimos como o Ministro de Fomento Íñigo de la Serna anunciou que se incorporaría Zaragoza pasando por Pamplona ao corredor europeo, noutra mostra máis de que non estaban pechadas as posibilidades de incorporar novas rutas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta ao Ministerio de Fomento a xestionar a inclusión de Galicia no Corredor Atlántico ferroviario de mercadorías nos mesmos termos e prazos que a liña Pamplona-Zaragoza e, así, poñer fin a esta discriminación ferroviaria de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 11:03:02

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 11:03:09

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**

Exposición de motivos

A cortina de fume do Plan Galicia fai tempo que se esvaeceu no aire. A colección de promesas que o goberno de Aznar puxo sobre a mesa fai 15 anos, co obxecto de tapar a neglixente xestión do Prestige, quedou en practicamente nada. Nin serviu para paliar as consecuencias medioambientais do accidente nin impulsou o desenvolvemento social e económico de Galicia –na actualidade, somos a quinta comunidade máis pobre do Estado en renda media por persoa, temos as pensións máis baixas do país e padecemos unha sangría demográfica que non cesa–. O fracaso do Plan Galicia e dos propios gobernos populares salta á vista.

As cifras deste fracaso son moi elocuentes. Quince anos despois só se están a executar tres das oito grandes obras do Plan Galicia: o Porto Exterior da Coruña, o AVE á meseta e o Parador de Muxía. O resto foi morrendo polo camiño a pesar de que unha parte importante das obras públicas referidas polo Plan eran unha mera recompilación de promesas que xa se fixeran.

Os incumprimentos máis sonados foron:

- O corredor de alta velocidade entre Ferrol e Bilbao. Tiña destinados só nos tramos galegos 1.470 millóns de euros. Foi descartado.
- O AVE Coruña-Lugo e Ponferrada-Monforte de Lemos. Contaba cun orzamento de 1.470 millóns de euros. Foron descartados.



- O AVE a Madrid, retrasado ata o ano 2019, aínda que non será de alta velocidade integramente ata dous ou tres anos despois.
- Unha autovía Pontevedra-A Cañiza de 480 millóns de euros. Só conta con media ducia de quilómetros en obras.
- A autovía entre Chantada e Monforte que non superou a fase de estudos iniciais.
- O parador de Muxía, que superou xa os 24 millóns de orzamento e aínda non ten data para a súa apertura.
- A universalización de internet no rural.

Así, o Plan Galicia non foi máis que unha escusa que empregou o Partido Popular da Guerra de Irak e do 14-M para limpar a súa maltreita imaxe nos medios de comunicación e na nosa comunidade. De ningún xeito se viu reflexado nos orzamentos ou nas obras executadas.

15 anos despois cómpre que fagamos unha análise crítica do sucedido.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno do Estado os investimentos comprometidos no Plan Galicia, aínda sen executar, introducindo partidas específicas nos próximos orzamentos do Estado.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García



Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 16:47:06

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 16:47:13

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Segundo sabemos polos medios de comunicación, o Concello de Barreiros (Lugo) ten acumuladas sancións por infraccións medioambientais derivadas da falla de funcionamento da Edar de San Miquel de Reinante, na praia de Arealonga.

As sancións (por 4 expedientes abertos pola Xunta de Galicia) ascenden a uns 20.000 euros por un dos meses de verán e se corresponden con feitos que foron detectados durante o período estival por vertidos á praia e a correntes municipais de auga. Esta cantidade podería semellar pequena, mais para un concello como Barreiros, cun orzamento anual de menos de 2.500.000 de euros, é importante, a maiores dos efectos medioambientais que supoñen os feitos, pois esa zona é de especial protección e está dentro de Rede Natura por estar preto da praia das Catedrais de Ribadeo e tamén porque o resto de depuradoras do concello non funcionan debidamente.

O curioso é que, sendo o Concello gobernado polo Partido Popular, o Goberno galego non teña investido nin un só euro en depuración para Barreiros, que ano tras ano agarda.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acordar, para o ano 2018, unha partida orzamentaria específica para a depuración de Barreiros, na provincia de Lugo.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Luis Manuel Alvarez Martínez

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/01/2018 17:11:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2018 17:11:11

Raúl Fernández Fernández na data 29/01/2018 17:11:18

María Luisa Pierres López na data 29/01/2018 17:11:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/01/2018 17:11:28

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 160 do Regulamento da Cámara, e 2 das normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas.

Os gobernos municipais dos concellos de Cerdedo e Cotobade aprobaron, no seo dos seus concellos plenos, a fusión dos seus respectivos municipios, que tiñan unha poboación a 1 de xaneiro de 2016 (IGE) de 1.781 e 4.290 habitantes, respectivamente.

No DOG do 17 de outubro de 2016 publicouse o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 01.01.2017).

Na propia exposición de motivos do dito decreto, establécese que:

“Considérase que concorren razóns de conveniencia e de oportunidade que aconsellan a fusión iniciada polos concellos de Cerdedo e Cotobade, xa que, segundo consideran os concellos interesados, o novo municipio, xurdido da fusión, estará en disposición de garantir unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen minqua da calidade da democracia local.

A fusión voluntaria entre os municipios de Cerdedo e Cotobade está fundamentada en consideracións de orde xeográfica e económica e na estimación por ambos os dous municipios de que da alteración derivarán importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, así como á adquisición de novos e máis cuantiosos ingresos por parte doutras administracións públicas que dos que poidan adquirir por separado.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como consecuencia da fusión procederase á integración dos territorios, poboacións e organizacións dos municipios, incluíndo os medios persoais, materiais e económicos do municipio fusionado. Para estes efectos, está prevista a adecuación das estruturas organizativas, de persoal e de recursos resultantes para a súa nova situación. Da execución das citadas medidas non poderá derivar incremento ningún da masa salarial. O novo municipio subrógase en todos os dereitos e obrigas dos anteriores municipios”.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a que:

1ª) Elabore un informe de fiscalización sobre a situación económica dos concellos de Cerdedo e Cotobade dende o ano 2009 ata a súa fusión.

2º) Elabore un informe de fiscalización sobre a situación económica do Concello de Cerdedo-Cotobade dende a súa fusión ata o ano 2017.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2018 10:44:47

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/01/2018 10:45:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 10:45:13

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García, Carme Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Exposición de motivos:

O Centro Galego de Bos Aires, histórica institución da emigración galega, é unha entidade privada con 110 anos de historia, que comezou o 2 de maio de 1907 ca reunión de asociacións galegas onde se asinou a Acta de Fundación na que se establecían os obxectivos da mesma organización e do centro, para satisfacer as necesidades do colectivo da inmigración galega, cun centro hospitalario e cultural.

O CGBA conta cunha sede de 34.000 metros cadrados (seis pisos e dous sotos), 60 salas de consulta, 6 quirófanos, 500 camas, axudou aos inmigrantes con cursos de alfabetización, ca creación dunha oficina de Traballo e Inmigración e con asistencia sanitaria. O centro estableceuse no inmovible do Centro na Avenida Belgrano despois de estar noutra localización anteriormente.

Ribera Salud e a fundación arxentina Favaloro, iniciaron conversas a finais do pasado ano 2017, para mercar o edificio por 42 millóns de euros e tiñan previsto destinar 60 millóns en modernizar o seu equipamento.

Finalmente, as negociacións mantidas entre a administración do Centro Galego e Ribera Salud e Favaloro, contiñan unha serie de condicións, segundo estes últimos, a saber:

- a adquisición do inmovible, entre outras, debendo negociar o importe en base ao valor en libros revisable e prazo de pago,
- asunción por a nova sociedade da responsabilidade sobre a xestión realizada por a administración e anteriores directivas do CGBA,
- o mantemento nas mesmas condicións ao persoal traballador, mutualistas,
- e o recoñecemento expreso da propiedade das obras en mans da mutualidade, mediante outorgamento gratuito e a perpetuidade á asociación mutualista do Centro Galego.

Nesta última, recollíase expresamente a cesión das dependencias do Teatro Castelao, a sala de sesións, presidencia e Ramón Otero Pedrayo, así como todas aquelas destinadas a preservar o patrimonio histórico e cultural como a pinacoteca, biblioteca e demais obras de arte. Ademais, requiríase o funcionamento da asociación nas instalacións, sendo esta sempre a propietaria e quen defina no seu caso o destino definitivo de todo o patrimonio, non podendo trasladarse fóra da Arxentina.

Todas estas condicións, que non eran as iniciais, segundo Ribera Salud e a fundación Favalloro provocaron a ruptura das negociacións, que foi comunicado por carta á administración do CGBA.

O vasto patrimonio cultural que o CGBA alberga quedarán en mans do goberno arxentino para a satisfacción do pago aos acredores, de non aparecer outra compradora ou interesada.

O Consello da Cultura Galega emitiu un informe publicado neste mes de xaneiro, “informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Galego de Bos Aires”, no que se recorda o deber da Xunta de Galicia de protexer o legado cultural existente fóra do territorio de Galicia en base a o artigo 27 da Lei 7/2013 da galegitude e do artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O artigo 27 recolle a obriga da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, de desenvolver entre outras, as seguintes actuacións en defensa e protección do patrimonio cultural galego no exterior:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas. Para iso, nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.

2. Así mesmo a Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria



histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante, entre outras, as seguintes accións:

- 1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.
- 2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias.
- 3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.

Á vista do Informe do O Consello Cultural de Galicia, que reproducimos de seguido, o patrimonio é inmenso: “Entre os fondos atópanse colección de obras de arte, doadas por artistas e socios ou mercadas polas diferentes directivas, que inclúen obras pictóricas, estatuas, esculturas, sinala este informe do OCCG. Entre eles obras de Castelao, Laxeiro, Viveros, Luis Aquino, Francisco Lamas, Manuel Oliveira, Demetrio Urruchua, Manuel Torres, José Solla, Samuel Mallo, Leopoldo Nóvoa García, Luís Seoane, Carlos Maside, Dolores Freixas, Manuel Escudero, Carlos Cañas, José María Moraña, Gustavo Fernández, Lorenzo Carballo.

Tamén conta cunha colección de partituras musicais orixinais, obras corais e sinfónicas, obras que foran encargadas pola Comisión de Cultura e sempre relacionadas coa colectividade galega. Así mesmo, dispón dun arquivo sonoro importantísimo para o estudo da cultura e a historia de Galicia, pois componse de gravacións de conferencias e actos nos que participaron intelectuais galegos e arxentinos tales como Alfonso Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Martínez Risco, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor, Battistesa ou Ghioldi. Sen esquecermos do importante patrimonio fotográfico que conserva nas súas instalacións.”

O Plenario do Consello da Cultura Galega, na súa sesión ordinaria celebrada no día 9 de xaneiro de 2018, coa asistencia como membro de honra do Presidente de Galicia, propuxo o cumprimento do artigo 4 da Lei do Patrimonio cultural de Galicia, “A Xunta de Galicia promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galicia que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Cumprir o artigo 4 da lei de Patrimonio Cultural de Galicia, así como o resto de disposicións tendentes a protección do patrimonio cultural do CGBA como colectividade galega no exterior.
- 2.- Garantir a atención sanitaria as persoas mutualistas por parte da institución resultante da compra co CGBA.
- 3.- Protexer, conservar, custodiar e permitir o acceso ao patrimonio cultural do Centro Galego de Bos Aires, como patrimonio recollido no artigo 1.3 da Lei de Patrimonio cultural de Galicia nun único centro, como o Museo da Emigración Galega (MEGA) ou outro similar, e xestionado pola Federación de Sociedades Galegas ou similar, en colaboración coa Xunta de Galicia para garantir a conservación do legado patrimonial do CGBA.
- 4.- Negociar a conservación, catalogación, transmisión, acceso e difusión ao patrimonio cultural e artístico do CGBA para as xeracións vindeiras, facilitando os Convenios de colaboración necesarios entre as institucións propietarias do patrimonio cultural e artístico do CGBA e a Xunta de Galicia.



5.- Instar ao goberno de España a negociar os convenios de colaboración necesarios entre o Reino de España e a República de Arxentina, para preservar o patrimonio cultural existente no CGBA.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 11:48:33

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 11:48:42

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 11:48:48

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 11:48:54

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 11:49:02

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 11:49:08

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 11:49:11

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 11:49:14

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 11:49:16

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 11:49:19

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 11:49:22

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 11:49:25

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 11:49:28

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 11:49:31

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do deputado **Raúl Fernández Fernández** e da deputada **María Luisa Pierres López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A posta en marcha a mediados do ano anterior, de ao redor de 40 novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, foi un proceso convulso e falto de participación, realizado ademais baixo fórmulas xurídicas que expoñen moitos interrogantes e dúbidas ao respecto da súa legalidade e viabilidade. Logo destes meses de funcionamento, pódese constatar que son abundantes as queixas e protestas ante a falla de servizos, para concluír que o transporte público dependente da Xunta de Galicia ten empeorado considerablemente.

Tal e como xa no seu momento denunciáramos, tentar mellorar o transporte público en Galicia sen ningún aporte adicional da Administración autonómica, non pode resultar viable. Cabe recordar que dende a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de acordo aos orzamentos aprobados para 2018, unicamente se reflicte unha partida orzamentaria (de 10 millóns de euros, ao igual que para anos anteriores) para o transporte metropolitano, peno ningunha outra contía para a mellora do transporte por estrada en autobús fora de tal ámbito.

Cabe recordar que tal proceso realizouse pola renuncia dunha serie de empresas a continuar prestando os servizos contratados, pero que foi unha solución provisional e de urxencia, pois a licitación das súas rutas así como a da totalidade das que se establezan, débese efectuar para proceder no ano 2019 a súa adxudicación.

Tendo en conta a diminución das prestacións realizadas nos servizos de transporte público por estrada e os problemas xurdidos nos últimos meses, que o deseño anunciado se xeneralice constitúe unha decisión

Grupo Parlamentario

que expón moitas incógnitas e preocupacións. A unión realizadas entre as liñas xerais para persoas usuarias e as do transporte escolar, non parece un deseño do máis apropiado e unicamente tivo por finalidade tentar de buscar un aforro público das dotacións dirixidas ao transporte dende a Comunidade Autónoma, pero non co obxectivo da mellora destes servizos. Mentres que os servizos do chamado “transporte á demanda”, se poden cualificar como claramente deficientes e incompletos.

Que o soporte fundamental para o deseño estea a ser realizado en base fundamental a propostas e informes elaboradas por unha empresa privada que leva anos sendo adxudicataria das contratacións realizadas dende o departamento autonómico de mobilidade, con interese no sector do transporte, tampouco pode considerarse como un factor positivo.

Ante tal cúmulo de dúbidas futuras sen resposta coñecida, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar no menor prazo posible á Cámara galega a nova planificación e previsións relativas aos servizos públicos de transporte regular de persoas viaxeiras de uso xeral, co obxecto de que poidan ser tramitada conforme establece o artigo 142 do Regulamento.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 17:03:22



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2018 17:03:29

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 17:03:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24432
Data envío: 30/01/2018 17:34:13.430

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Real Decreto 1078/2014, o anexo II recolle as Boas Condicións Agrarias e Medioambientais da terra. A BCAM 6 do apartado 2 (solo e reserva de carbono), que fai referencia ó mantemento da porcentaxe de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incorporaría a seguinte prohibición:

"A aplicación do purín nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns, podendo as Comunidades Autónomas estableceren excepcións, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas, ou outros motivos, debendo as mesmas quedaren debidamente xustificadas."

O sistema de condicionalidade establecido no REGULAMENTO (UE) nº 1306/2013 do Parlamento europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, inclúe un marco a partir do cal os estados membros deben adoptar normas nacionais de boas condicións agrarias e ambientais.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24432
Data envío: 30/01/2018 17:34:13.430

O marco da Unión debe incluír normas para abordar mellor as cuestións da auga, do solo, das reservas de carbono, da biodiversidade e da paisaxe, así como do nivel mínimo de mantemento da terra.

Os beneficiarios da PAC deben comprender claramente as súas obrigacións en relación coas normas de condicionalidade. Para iso, tódolos requisitos e normas que forman parte das mesmas deben ser comunicadas polos estados membros de forma exhaustiva, comprensible e explicativa, mesmo, cando sexa posible, por medios electrónicos

No artigo 94 deste regulamento establécense as obrigas dos Estados membros relativas ás boas condicións agrarias e ambientais:

"Os estados membros garantirán que toda a superficie agrícola, incluída a que xa non se utilice para a produción, se manteña en boas condicións agrarias e ambientais.

Os estados membros definirán, a nivel nacional ou rexional, as normas mínimas para os beneficiarios de boas condicións agrarias e ambientais da terra sobre a base do anexo II, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións edafolóxicas e climáticas, os sistemas de explotación existentes, a utilización das terras, a rotación de cultivos, as prácticas de explotación agraria e as estruturas de explotación.

Os estados membros non definirán requisitos mínimos que non estean establecidos no anexo II.

O primeiro que non está claro, e haberá que xustificar legalmente é por que meter esta medida, que afecta, e de que maneira, ó sector lácteo e cárnico bovino case



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24432
Data envío: 30/01/2018 17:34:13.430

exclusivamente. Nas BCAMs da condicionalidade da PAC, xa que esta nova "medida" non ten fundamento científico agronómico desde o punto de vista de manter a materia orgánica do solo

(*BCAM 6. Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incluída a prohibición de queimar os restollos, excepto por razóns fitosanitarias*)

A utilización de novos apeiros para aplicar o xurro en terreos inclinados, aumenta as necesidades de tracción dos tractores, o prexudicar a estrutura do solo, favorecer a erosión, e a escorrentía de nutrientes cara as augas.

Un informe da Comisión Europea sobre as emisións de gases contaminantes do sector gandeiro aclara que o sector de vacún de leite é o que menos amoníaco emite á atmosfera, sendo os nitratos de síntese e o porcino os principais sectores contaminantes. É máis, en cifras o gando de vacún de leite é responsable só do 4,4% das emisións de amoníaco de orixe agrícola. Pola contra, a gran maioría destas corresponden ós nitratos de síntese (19,7%) e ao porcino (17,5%).

Sendo isto certo, a pregunta é: por que ten que paga-los pratos rotos o sector lácteo con medidas restritivas condicionando o pago da PAC?

Así como, cal é a razón pola que non se opta por outros aspectos amortecedores das emisións coma o pastoreo, o enterrado inmediato con laboreo, a diminución do uso de abonos químicos como a urea, as condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas?

O motivo aducido polo Ministerio é o de reduci-las emisións de amoníaco de orixe agrícola aplicando técnicas que diminúan a volatilización do nitróxeno dos xurros,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24432
Data envío: 30/01/2018 17:34:13.430

pero non toma medida cos nitratos de síntese que na Unión Europea representan o 20,8% das emisións.

O Programa Europeo de Avaliación da Calidade do Aire déixao moi claro: as zonas con maior contaminación por amoníaco do Estado español son as que teñen máis concentración de porcino, en concreto as comunidades de Cataluña e Aragón fundamentalmente. Pola contra onde se concentra a cabana leiteira, Galicia e a Cornixa Cantábrica, son as de niveis máis baixos.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

-Elaborar un informe no que se concreten os aspectos discriminatorios para coa realidade galega a respecto das emisións de amoníaco debido ós xurros.

-Elaborar unha táboa de boas prácticas agrícolas, adaptadas as nosas condicións edafolóxicas, climáticas, especies de gando e granxas, etc. que non supoñan máis investimento en maquinaria e que amortezan as emisións de amoníaco á atmosfera e de nitratos ós acuíferos.

-Elaborar medidas agroambientais que inclúan o mantemento de sebes, peches de pedra, vexetación de ribeira, árbores illadas, protección de elementos arqueolóxicos etc. que poñan en valor os servizos e bens públicos para preservar a calidade das augas, evitar a erosión do solo, o mantemento da paisaxe tradicional galega etc., e non se penalice ós agricultores por manter estes elementos singulares da paisaxe como pasa en moitos casos ó considerar estas superficies como non admisibles para o cobro da PAC.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24432
Data envío: 30/01/2018 17:34:13.430

-Establecer medidas para fomentar a extensificación da produción gandeira, en favor do medio ambiente, ó reduci-las emisións de amoníaco á atmósfera, e para favorece-la seguridade alimentaria do consumidor, por se reduci-la necesidade de utilización de antibióticos que supón a cría do gando ó aire libre, no pasto.

-En todo caso elaborar un informe onde se contemplen as excepcións de zonas (pendentes, dimensión de parcelas, dimensións de explotacións, pastoreo, edafoloxía...) das prohibicións a respecto do manexo dos puríns agrícolas.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2018 17:30:34



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:34
Nº Rexistro: 24432
Data envío: 30/01/2018 17:34:13.430

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2018 17:30:38

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2018 17:30:40

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2018 17:30:41

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2018 17:30:42

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2018 17:30:44

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

No mes de febreiro deste ano, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou varias iniciativas para que o Goberno galego nos informase sobre as medidas que van adoptar ante as deficiencias existentes na ETAP do concello de Ordes.

Á vista da resposta dada no mes de setembro por parte da Xunta de Galicia, así como da falla de interese por solucionar este problema, que pode afectar á saúde dos veciños e veciñas que se abastecen desta estación, os Socialistas reiterámoslle as iniciativas.

O concello de Ordes ten unha poboación de 12.669 habitantes, segundo os últimos datos publicados polo INE (01.01.2016).

A ETAP que abastece de auga potable a este concello é bastante antiga, sen que tivese un axeitado mantemento durante este tempo o que ocasionou a situación de deterioro que presenta na actualidade.

A dita estación dispón de dúas liñas de tratamento das augas, unha delas está fóra de funcionamento por presentar varios problemas técnicos, deficiencias existentes no decantador e no filtro aberto.

Estas deficiencias unidas o aumento da poboación no núcleo urbano do municipio fai que aumenten as necesidades de consumo de auga, o que provoca que se supere aínda máis o caudal que pode tratar actualmente a ETAP.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A capacidade dos depósitos existentes é de 1.700 m³ e estímase que o consumo actual punta ascende a 2.000 m³/día, polo que o caudal tratado pola planta non chega para abastecer as solicitudes, xa que en caso de deficiencia ou avaría o subministro non estaría asegurado nin durante as primeiras vinte e catro horas seguintes á aparición da deficiencia, comprometendo o abastecemento dos usuarios.

Os técnicos de Augas de Galicia visitaron a ETAP xunto co persoal encargado do mantemento e explotación das instalacións para poder analizar o problema, e constataron a existencia do dito problema de capacidade de tratamento e mal estado de conservación das instalacións debido á súa antigüidade.

O Pleno do Concello de Ordes aprobou por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta de Galicia a:

Levar a cabo as obras necesarias de mellora da ETAP e o resto das actuacións necesarias na rede de abastecemento municipal. Demoler a segunda liña de tratamento de auga potable e acometer unha nova que atenda ás necesidades da poboación.

Levar a cabo as obras de mantemento necesarias no edificio de control existente. Mellorar a rede de abastecemento de auga potable do concello, dende a estación de tratamento aos depósitos, cunha nova impulsión con bombeo dende o edificio de control da planta.

Ante esta situación, reiterada xa en varias ocasións, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1ª) Acometer as reformas necesarias para a mellora da ETAP de Ordes, así como o resto das actuacións na rede de abastecemento municipal.
- 2ª) Demoler a segunda liña de tratamento de auga potable e acometer unha nova que atenda ás necesidades da poboación.
- 3ª) Levar a cabo as obras de mantemento necesarias no edificio de control existente.

Grupo Parlamentario

4ª) Mellorar a rede de abastecemento de auga potable do concello de Ordes, dende a estación de tratamento aos depósitos, cunha nova impulsión mediante bombeo dende o edificio de control da planta.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2018 17:49:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/01/2018 17:49:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2018 17:50:06

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2018 17:50:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 17:50:24

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo determinou a OMS no ao 2002, os coidados paliativos son os coidados de pacientes e familias con enfermidades cunha expectativa de vida limitada en etapas avanzadas que presentan moitos problemas e necesidades físicas, sociais, psicolóxicas e espirituais. Os coidados paliativos: alivian a dor e os outros síntomas; respectan a vida, e contemplan a morte como un proceso natural; non tentan precipitar nin atrasar o momento da morte; integran os aspectos psicolóxicos, sociais e espirituais da atención ao paciente; ofrécenlle ao paciente un soporte que lle permita vivir tan activamente como sexa posible, ata a súa morte; ofrécenlle á familia un soporte que lle axude a encarar o sufrimento do paciente e do seu propio duelo; utilizan un enfoque de equipo para responder as necesidades do e da paciente e da súa familia, incluíndo o acompañamento psicolóxico do duelo, de ser necesario; pretenden mellorar a calidade de vida e poden tamén influír favorablemente sobre o curso da enfermidade; poden aplicarse nun estadio temperán da enfermidade, paralelamente a outras terapias enfocadas a prolongar a supervivencia (por exemplo, a quimioterapia ou a radioterapia); son igualmente compatibles coas probas necesarias para diagnosticar e tratar mellor as complicacións da enfermidade.

As instalacións da ampliación do CHUOU, consistente na execución dun novo bloque de hospitalización, dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto da cidadanía), puxéronse en marcha unha vez rematadas as obras en outubro de 2017 (cun retraso dun ano e sete meses a respecto da data prevista), e de que o Concello de Ourense

Grupo Parlamentario

concedese a licenza de ocupación e apertura do novo edificio de hospitalización.

A nova localización da Unidade de Coidados Paliativos do CHUOU, que foi trasladada dende o hospital Santa María Nai ao Cristal dentro do proceso de recolocación motivado pola apertura do novo edificio de hospitalización, non é segundo denunciaron recentemente traballadores e traballadoras do servizo, a máis axeitada para estes pacientes. Aseguran que as habitacións que ocupan, que antes eran unha unidade de Medicina Interna, presentan carencias e unha perda da calidade asistencial evidente tanto para os e as pacientes como para os familiares que lles acompañan: os baños das habitacións son pequenos, as portas non pechan ben, ventás que deixan pasar a luz co que se dificulta o descanso... A nova situación dificulta o descanso dos e das pacientes, xa que polos corredores pasan carros de comida ou de roupa cara a parte nova.

Ademais tras este traslado reduciuse unha enfermeira e unha auxiliar nesta unidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar, de maneira urxente, unha inspección na unidade de coidados paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para detectar posibles deficiencias tralo traslado, dentro do proceso de recolocación motivado pola apertura do novo edificio de hospitalización, dende o Hospital Santa María Nai ao Cristal.
2. Tendo en conta os resultados obtidos trala inspección, redactar un informe que recolla as deficiencias detectadas, así como o cronograma e orzamento previsto para a corrección das mesmas.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2018 18:53:43

Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2018 18:53:49

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2018 18:53:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 18:54:01

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por inicitiva dos deputados e deputadas Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos:

O da vivenda é un sector en evolución no que continuamente se presentan novos materiais e novas solucións construtivas que tentan dar resposta ás necesidades da sociedade.

A construción modular de vivendas permite reducir de forma substancial o tempo necesario para a edificación de novas vivendas de maneira que pode ser apropiada para dar solucións a determinadas necesidades ás que ten que facer fronte a Administración autonómica.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír a construción modular de vivendas dentro do seu programa de vivenda de promoción pública, co obxectivo de avanzar na industrialización dos procesos de construción de vivendas e reducir prazos no proceso de construción de novas vivendas para os sectores máis desfavorecidos da poboación”.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 11:08
Nº Rexistro: 24627
Data envío: 31/01/2018 11:08:38.758

Pedro Puy Fraga na data 31/01/2018 10:58:06

Jaime Castiñeira Broz na data 31/01/2018 10:58:47

Martín Fernández Prado na data 31/01/2018 10:58:55

Jacobo Moreira Ferro na data 31/01/2018 10:59:24

Diego Calvo Pouso na data 31/01/2018 10:59:42

Marta Novoa Iglesias na data 31/01/2018 10:59:51

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/01/2018 11:00:15

Gonzalo Trenor López na data 31/01/2018 11:00:33

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/01/2018 11:00:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24645
Data envío: 31/01/2018 12:59:20.486

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao incremento da factura de luz dos galegos e galegas por obrigar o goberno central a cargar o canon eólico e ás actuacións que ten pensado impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O martes 30 de xaneiro de 2018 o BOE recolle a Galiza como unha das comunidades na Orde ETU66/2018, do 26 de xaneiro, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para a determinación de tributos autonómicos.

A lei do sector eléctrico en vigor dende 1997 abría a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Unha posibilidade que se converteu en imposición coa reforma impulsada en 2013, que abría a posibilidade a pagar máis polo peaxe de acceso que fixa o Goberno para todos os consumidores polo uso das redes eléctricas. A lei contemplaba que “en caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos especiais, á peaxe de acceso engadiráselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recargo e que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24645
Data envío: 31/01/2018 12:59:20.486

deberá ser abonado polos consumidores ubicados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma”.

Xa no seu día o nacionalismo galego alertou sobre a cuestión sinalando a marxinação que supuña impedir que territorios excedentarios non poidamos desenvolver unha política enerxética propia e que discriminaba negativamente aos territorios que soportan as instalacións de xeración, o que implica que as comunidades que teñen que soportar os custos sociais e medioambientais da xeración eléctrica, no canto de verse recompensadas, vense prexudicadas dobremente.

As novas coñecidas nos últimos días constitúen unha clara discriminación dos consumidores e consumidoras galegas e unha mostra máis da submisión do goberno galego ao central en materia de política enerxética así como a insuficiencia das negociacións que o goberno dixo manter co Estado.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

- Demandar do Estado a modificación do punto 4 do artigo 16 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, de xeito que o feito de un territorio ser produtor de enerxía non repercuta negativamente nas consumidoras e consumidores dese territorio a través dun maior custo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24645
Data envío: 31/01/2018 12:59:20.486

- Levar a cabo as negociacións necesarias co goberno central para impedir que repercutan na factura dos galegos e galegas os tributos contemplados na Orde ETU66/2018, do 26 de xaneiro, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.”

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2018 12:58:47

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2018 12:58:52



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24645
Data envío: 31/01/2018 12:59:20.486

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2018 12:58:54

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2018 12:58:55

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2018 12:58:57

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2018 12:59:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:49
Nº Rexistro: 24674
Data envío: 31/01/2018 13:49:55.077

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a cobertura do servizo de asistencia psicolóxica a mulleres en situación de violencia machista nos xulgados de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O convenio asinado pola Vicepresidencia da Xunta de Galiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza (COPG) para prestar asistencia ás mulleres en situación de violencia machista nos xulgados galegos rematou en xaneiro de 2018, apenas tres meses despois de ser asinado por razóns supostamente orzamentarias.

Neste senso, a Xunta anunciou que asumirá a prestación deste servizo a través da contratación directa de profesionais da Psicoloxía, no concreto sete. Porén, no tempo entre a finalización do convenio e as novas contratacións o servizo fica baleiro e, polo tanto, as mulleres que o precisen non poderán ser atendidas pois as oficinas nas que se prestaba esta atención estarán pechadas.

A atención psicolóxica das mulleres en situación de violencia machista aparece recollida na Lei 11/2007 de prevención e tratamento integral da violencia de xénero así como no Estatuto da vítima. Supón un dereito e un servizo fundamental para a atención e acompañamento das mulleres, especialmente, durante o proceso xudicial.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:49
Nº Rexistro: 24674
Data envío: 31/01/2018 13:49:55.077

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- aumentar o número de prazas ofertadas para a prestación de asistencia nas oficinas de vítimas nos xulgados galegos, con especial atención ás mulleres en situación de violencia machista, de forma que se garanta a prestación permanente do servizo e a cobertura de vacacións, excedencias e baixas.

- tomar medidas inmediatas para impedir que no tempo de selección destas prazas os servizos fiquen desatendidos.”

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:49
Nº Rexistro: 24674
Data envío: 31/01/2018 13:49:55.077

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2018 13:47:36

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2018 13:47:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2018 13:47:42

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2018 13:47:45

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2018 13:47:48

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2018 13:47:50

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados e das deputadas María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna ao abeiro do disposto no artigo e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de Motivos:

A estrada autonómica LU-621, que une A Pobra con Láncara, aínda que foi obxecto de actuacións menores de arranxo dos socavóns que presentaba, precisa dunha actuación de mellora do seu firme que se atopa en mal estado, ao longo de todo o trazado que une A Pobra con Láncara; isto é, entre os puntos quilométricos 1 e 9.

Neste mesmo tramo precisa dunha actuación urxente a Ponte de Valdriz, co fin de mellorar a seguridade viaria nese punto.

O estado do firme das estradas ten efectos sobre a seguridade viaria, razón pola que cómpre instar á Administración titular da vía, neste caso, a Xunta de Galicia, para que proceda a mellorar o firme desta vía no tramo comprendido entre os puntos quilométricos sinalados, e a actuar para mellorar a seguridade viaria na Ponte de Valdriz.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mellorar o estado do firme da LU-621, concretamente entre os puntos quilométricos 1 e 9, e a levar a cabo actuacións de mellora da seguridade viaria na Ponte de Valdriz”

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/01/2018 13:37:49

María Julia Rodriguez Barreira na data 31/01/2018 13:38:04

Jaime Castiñeira Broz na data 31/01/2018 13:38:16

Martín Fernández Prado na data 31/01/2018 13:38:23

Jacobo Moreira Ferro na data 31/01/2018 13:38:37

Marta Novoa Iglesias na data 31/01/2018 13:39:03

Gonzalo Trenor López na data 31/01/2018 13:39:30

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/01/2018 13:40:14

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados e deputadas María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera e Moisés Blanco Paradelo ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4ª ; Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

PRIMEIRO.- A muralla de Monforte, é o conxunto fortificado, máis importante de Galicia dos séculos XIV e XV. A primeira referencia do castelo remontase a finais do século XIII, e da cerca e torres en torno a 1476; destruída na revolta irmandiña, foi reconstruída.

Estamos a falar por tanto, dun conxunto monumental, -a fortificación de Monforte-, que ten sido calificado como o mellor conxunto defensivo dos séculos XIV e XV que existen en Galicia. De feito, consérvanse as súas principais portas de acceso, moitos torreóns, ademais da torre da homenaxe do castelo, na parte alta do monte. Pódese dicir que se conserva casi intacta no seu trazado.

